



ANXELES GONZÁLEZ CRUXEIRAS, Concelleira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Alcalde e a Comisión de Goberno, en relación coa apertura do Bar da Casa de Cultura de Carreira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Fai arredor de dous meses cando se comentaba por Carreira a apertura do Bar da Casa da Cultura de Carreira, ó pouco tempo comezaron as obras. A veciñanza da parroquia estaba encantada pois era unha forma de achegamento da xente a un espacio que estaba sendo infrautilizado.

Os problemas xorden cando nos decatamos de que desaparecía o salón de actos do local, o bar que se pretendía abrir ía ocupar tamén este salón, polo que as ANPAS da parroquia, as Asociacións, a Comunidade de Montes e outros entes parroquiais quedábanse sen un espacio onde facer as súas reunións, asembleas, festivais, etc..

E aínda xorden máis inquedanzas cando se puido comprobar que a concesión do bar se facía do xeito que se estaba a facer. Por un lado, non existía un proxecto de obra sobre as reformas que se estaban a levar a cabo no local de equipamento cultural, non había un proxecto de apertura, non existía ningún tipo de contratación e o máis escandaloso aínda era que as obras as estivese costeando o "posible" beneficiario da concesión, sen que estivese aínda resolta a mesma.

Deste xeito o día 25/10/2007 sae na prensa un anuncio de concesión da cafetería, no que se daba un prazo de 6 días hábiles, ou sexa o prazo remataría o día un de Novembro. A estas alturas as obras que se estaban a levar a cabo estaban case rematadas.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte:

SOLICITUDE

Que por parte do Goberno Municipal:

1. Se proceda á regularización da situación, pois estamos a falar dunha concesión administrativa totalmente irregular.
2. Que se fagan as obras oportunas coa máxima celeridade posible, para dotar á Casa da Cultura de Carreira dun salón de actos.

Ribeira, 26 de outubro de 2007

Asdo.: Anxeles González Cruxeiras

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA